

**PROCESO SELECTIVO PARA TÉCNICO/A SUPERIOR:  
REF.PER.-2024/12**

**FORMULARIO DE AUTO-AVALIACIÓN**

Nome e apelidos: .....

Titulación: .....

Puntuación total:

**EXPERIENCIA PROFESIONAL:**

**1.- EXPERIENCIA LABORAL**

A **experiencia laboral** relacionada co obxecto da contratación, establecida no punto 4 das presentes bases, valorarase ata un máximo de dez (10) puntos:

- Por cada mes de servizo prestado nos sectores público ou privado, na mesma categoría ou similar á que se convoca, computando soamente os últimos cinco (5) anos: 0,17 puntos.
- No caso de experiencia a través de bolsas, acreditarase mediante documento expedido polo organismo correspondente.

Puntuación experiencia laboral: \_\_\_\_\_

**2.- PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS I+D+i**

A **participación en proxectos I+D+i** relacionados e de interese para o posto de traballo que se convoca (punto 4 das bases) valorarase cunha puntuación máxima de tres (3) puntos:

- Por participación en proxectos rexionais: 0,30 puntos por proxecto.
- Por participación en proxectos estatais: 0,40 puntos por proxecto.
- Por participación en proxectos europeos: 0,75 puntos por proxecto.

Puntuación participación en proxectos I+D+i: \_\_\_\_\_



### 3.- PUBLICACIÓNS CIENTÍFICO-TÉCNICAS

As **publicacións científico-técnicas** relacionadas e de interese para o posto de traballo que se convoca (punto 4 das bases) e que sexan acreditadas mediante fotocopia cotexada da publicación onde se reflicta a participación do/a candidato/a, valorarase ata un máximo de dous (2) puntos:

- Por comunicacións a congresos: 0,10 puntos por comunicación a congreso.
- Por publicacións nacionais: 0,15 puntos por publicación.
- Por publicacións internacionais: 0,20 puntos por publicación.

Puntuación publicacións científico-técnicas: \_\_\_\_\_

### FORMACIÓN ESPECÍFICA:

### 1.- COÑECEMENTOS ESPECÍFICOS

**Coñecementos específicos:** valoraranse os cursos, másteres ou estudos relacionadas e de interese para o posto de traballo que se convoca (punto 4 das bases) e que sexan debidamente acreditados, organizados e impartidos directamente pola Escola Galega da Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, INEM, Dirección Xeral de formación Ocupacional da Consellería de Traballo, cursos de formación continua do AFCA, ata un máximo de un (1) punto:

- Por cada curso igual ou inferior a 10 horas lectivas: 0,10 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 20 horas lectivas: 0,20 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 30 horas lectivas: 0,30 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 40 horas lectivas: 0,40 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 50 horas lectivas: 0,50 puntos.
- Por cada curso superior a 50 horas lectivas: 0,60 puntos.

Puntuación coñecementos específicos: \_\_\_\_\_



## 2.- OUTROS COÑECEMENTOS VINCULADOS ACTIVIDADES CENTRO

**Outros coñecementos vinculados coas actividades do centro**, distintos dos recollidos no punto anterior, ata un máximo de un (1) punto:

- Por cada curso igual ou inferior a 10 horas lectivas: 0,05 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 20 horas lectivas: 0,10 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 30 horas lectivas: 0,15 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 40 horas lectivas: 0,20 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 50 horas lectivas: 0,25 puntos.
- Por cada curso superior a 50 horas lectivas: 0,30 puntos.

Puntuación outros coñecementos vinculados coas actividades do centro: \_\_\_\_\_

## 3.- COÑECEMENTOS DE INGLÉS

**Coñecementos de inglés por riba do nivel mínimo esixido:** valoraranse os coñecementos de lingua inglesa por riba do nivel mínimo que se esixe como requisito específico para ser admitido no presente proceso selectivo, que é de Nivel Usuario Independente B2 (Avanzado) do MCERL, Nivel Avanzado da EOI, FCE (First Certificate in English) ou equivalentes. A valoración farase de acordo cos seguintes criterios, ata un máximo de un (1) punto:

- Polo Nivel Usuario Competente C1 (Dominio Operativo Eficaz) do MCERL, CAE (Certificate in Advanced English) ou equivalentes: 0,60 puntos.
- Polo Nivel Usuario Competente C2 (Mestría) do MCERL, CPE (Certificate of Proficiency in English) ou equivalentes: 1 punto.

Puntuación coñecementos de inglés por riba do mínimo esixido: \_\_\_\_\_